

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José A. López Rodríguez  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

**VOCAIS**

Dna. M<sup>a</sup> Luisa Pardavila Pazos  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Manuel Francisco Gutierrez  
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais)  
D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE ANZO DO CONCELLLO DE LALIN**

D. Manuel González Penalta  
D. José Granja Barreira

**SECRETARIA**

Dna. Pilar Pita Ponte  
(Xefa de Sección do Servicio Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintecinco de xuño do 2003, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Anzo" da parroquia de Anzo do concello de Lalín.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 9 de maio de 1997, D. Andrés Granja Míguez, na sua condición de veciño da parroquia de Anzo, do concello de Lalín, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Anzo" como veciñal en man común para os veciños da parroquia de Anzo, acompañando informe técnico, así como diversa documentación, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

**SEGUNDO.-** Con data 20/05/97 solicítase ó Servicio de Montes e Industrias Forestais informe previo, informe que é evacuado en data 28/08/97 onde se indica polo enxeñeiro D. Bienvenido Cifuentes Alonso que o monte denominada "Anzo" non está afectado por outras clasificacións e que a planimetría aportada polos veciños solicitantes é suficiente, neste informe indicase que o monte ten aproveitamento en común, excepto os carballos que son de propiedade particular.

**TERCEIRO.-** Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 3 de novembro de 1997 acordouse á vista do informe elaborado polo Servicio de Montes e I.F. incoar o expediente para a súa clasificación, e nomear instructor do mesmo a D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 10 de febreiro do 2003, no que se describe o monte da seguinte maneira:

**CONCELLO: LALIN**  
**PARROQUIA: ANZO**

**ZONA DO PREGUNTOIRO**

**Cabida:** 4,9 Has. (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de M<sup>a</sup> Teresa López García

**Sur:** Río Deza

**Leste:** Propiedades particulares de Benito Balo Otero, Antonio Rodríguez Castro, Manuel Crespo Brea, Manuel Mariño Lamas e Guillermo Baldomero Friol

**Oeste:** Propiedades particulares de M<sup>a</sup> Teresa López García

**ZONA DA COSTA**

**Cabida:** 18,5 Has. (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de José Blanco Prado, Manuel Fernández Rey e Manuel Mariño Lamas

**Sur:** Río Deza e propiedades particulares de Manuel González Penalta, Gerardo Lamela Taboada e Esther M. García Moreira

**Leste:** Propiedades particulares de José M. Mariño Lamas, Manuel Fernández Rey, Sara Lamela Rois, Antonio Rodríguez Castro, Manuel García López, Manuel González Penalta, Concepción González Gamallo, Magín García Sanmartín, Luis Lareo Taboada, Manuel Fernández Rey, Antonio Fernández Iglesias

**Oeste:** Propiedades particulares de Mercedes Rodríguez Mosquera, Manuel Mariño Lamas, Antonio Rodríguez Castro, José Vales Mato, Nieves Iglesias, José Granja Barreira, Manuel Fernández Rey, José Balo Barros, José Vales Mato, Magín García Sanmartín, Mario García Sanmartín, Manuel García López e Antonio Rodríguez Castro

**ZONA DO CRUCEIRO**

Parcela primeira

**Cabida:** 1750 M/2 (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de José Granja Barreira e Herdeiros de Manuel Cortizo Rozas

**Sur:** Camiño público

**Leste:** Camiño público e capela

**Oeste:** Propiedades particulares de José Granja Barreira

Parcela segunda

**Cabida:** 2400 M/2 (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Camiño veciñal

**Sur:** Propiedades particulares de José Blanco Prado

**Leste:** Propiedades particulares de Manuel González Penalta e Esther M. García  
Moreira

**Oeste:** Muro

Parcela terceira

**Cabida:** 14300 M/2 (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Manuel González Penalta e Gerardo Lamela  
Taboada

**Sur:** Propiedades particulares de Manuel García López e José Vales Mato

**Leste:** Propiedades particulares de José Blanco Prado

**Oeste:** Propiedades particulares de Manuel González Penalta

**QUINTO.-** O Rexistrador da Propiedade de Lalín certifica con data 17 de marzo do 2003 que o monte solicitado non aparece inscrito a favor de persoa algunha.

**SEXTO.-** Con data 27 de marzo do 2003 o presidente do Xurado acordou abri-lo periodo de audiencia cun prazo dun mes. Data de saída 31 de marzo do 2003 e publicado no DOG con data 6 de maio do 2003.

**SETIMO.-** No periodo de audiencia presentáronse as seguintes alegacións:

a) M<sup>a</sup> del Carmen Crespo Brea alegou:

- Que a parcela situada na zona do Cruceiro, son en realidade varias parcelas, tendo todas elas propietarios particulares, e que na zona non existe ningunha propiedade comunal. Adxunta entre outra documentación, escritura de compraventa e diversa documentación da Xerencia Territorial do Catastro.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común “... *os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos*”.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Terceiro.-** O uso en man común do monte “Anzo” tense suficientemente acreditado polos informes do Servizo de Montes e Industrias Forestais, principalmente o informe de 10 de febreiro do 2003.

**Cuarto.-** Da documentación aportada por Dña. M<sup>a</sup> del Carmen Crespo Brea resulta: Que con posterioridade á incoación do expediente, a alegante adquiriu mediante escritura pública, a cesión duns dereitos hereditarios que correspondían ó matrimonio formado por D. Manuel Cortizo e Dña. Purificación Rozas, que na citada escritura, non se fan descripción dos bens que integran a herencia de ditos causantes, non determinándose si esa cesión refírese á totalidade da herencia ou a unha parte da mesma.

Por outra banda as certificacións que aporta da Xerencia Territorial do Catastro de determinadas parcelas, non permiten determinar se as mesmas atópanse situadas dentro do perímetro da zona cuxa clasificación se pretende e sen que ademais o feito de figurar en dito rexistro público soamente ten valor a efectos fiscais, ó que se engade que a Lei 13/89, do 10 de outubro, o que establece é atribuí-la propiedade á comunidade veciñal correspondente sen prexuízo de acudir á xurisdicción ordinaria para dilucidarlas cuestións sobre a propiedade que se poidan plantexar.

Cabe suliñar que a certificación rexistral que consta no expediente, sinala que non figuran inscritas as parcelas cuxa clasificación se pretende a favor de persoa algunha. En todo caso, no peor dos supostos ó efectuarse o deslinde do monte, é cando poderá definirse claramente ata onde pode delimitarse o monte clasificado coas propiedades particulares, dado que non se aporta ningunha proba sobre tal extremo.


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:



**CLASIFICAR como veciñal en man común o monte “Anzo”, a favor da parroquia de Anzo do concello de Lalín, correspondéndose coa descripción reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.**


Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





*[Handwritten signatures in blue ink]*



Nº DA FOLLA	AUTOR : SECCION TOPOGRAFIA	DATA : XUÑO-2.003	TRABALLO : CLASIFICACIÓN DE MONTE
121-68	PLANO : 1 DE 2	ESCALA : 1/5.000	CONCELLO : LALÍN COMUNIDADE : ANZO
 MONTE ZONA DO PREGUNTOIRO SUP. = 4,9 ha. aprox.			 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA



Nº DA FOLLA <b>121-68</b>	 MONTE ZONA DA COSTA SUP.= 18,5 ha.aprox. ENCLAVADO-A. SUP.= 0,09 ha.aprox. ENCLAVADO-B. SUP.= 0,40 ha.aprox.	 MONTES ZONA DO CRUCEIRO : PARCELA-1°.SUP.= 0,175 ha.aprox. PARCELA-2°.SUP.= 0,240 ha.aprox. PARCELA-3°.SUP.= 1,430 ha.aprox.	AUTOR : SECCION TOPOGRAFIA PLANO : 2 DE 2	DATA : ABRIL-2003 ESCALA : 1/5.000	TRABALLO : CLASIFICACION DE MONTE CONCELLO : LALIN COMUNIDADE : ANZO PARROQUIA : ANZO MONTES : DE ANZO	 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE SERVIZO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA
------------------------------	---	---	--	---------------------------------------	--	--